

Ola! Dámosche a benvinda á túa conta da Rede IKEA para Empresas

Grazas por crear unha conta da Rede IKEA para Empresas (a "**Conta**"). A través da Conta, terás acceso a numerosos servizos moi útiles para o teu negocio, como o historial de compras, as últimas noticias e tendencias, inspiración para o teu negocio e acceso a todas as vantaxes e ofertas do club Rede IKEA para Empresas.

1. Aspectos legais.

Estes Termos e condicións constitúen un contrato xuridicamente vinculante entre a entidade ou profesional que rexistra unha Conta (o "**Cliente**") e IKEA IBÉRICA, S. A., Sociedade Unipersonal, con CIF A-28812618 e domicilio social en Avda. Matapiñonera n.º 9, 28703, San Sebastián de los Reyes (Madrid), inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao tomo 1251, folio 102, folla 23549 ("**IKEA**", "**Nós**").

Por Cliente entenderase, a título enunciativo, pero non limitativo, as sociedades mercantís, outras persoas xurídicas e profesionais autónomos que teñan un negocio ou desenvolvan unha actividade profesional, e que non teñan a condición de consumidor prevista no artigo 3 do Texto Refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Mediante a aceptación dos presentes Termos e condicións ou coa mera creación ou utilización dunha Conta, o Cliente manifesta e garante ante IKEA que non ostenta a condición de consumidor á que se fai referencia en tal precepto.

Os Termos e condicións rexen o acceso e o uso da Conta e as súas funcionalidades por parte do Cliente. IKEA pode, á súa enteira discreción, modificar estes Termos e condicións en calquera momento, por exemplo, sen carácter limitativo, no caso de que se produzan cambios nas leis aplicables; cambios nos servizos e funcións ofrecidos por IKEA; modificacións nas vantaxes da Conta, no exercicio dos dereitos asociados á mesma, etc.; ou cando prestemos servizos novos. Calquera destes cambios entrará en vigor catorce (14) días hábiles despois da súa data de publicación ou, no seu defecto, da notificación dos Termos e condicións actualizados ou dos cambios que se aplicarán aos servizos, funcións, vantaxes, dereitos, etc. Se o Cliente non acepta os cambios, ten dereito a cancelar a súa Conta, coa perda consecuente dos dereitos inherentes á súa condición de Cliente. Calquera uso da Conta (incluído o acceso á mesma se non se cancelou), despois de que se comuniquen os Termos e condicións actualizados ao Cliente, considerárase a aceptación por parte do Cliente dos Termos e condicións actualizados en cuestión.

No caso de que o Cliente queira compartir opinións, comentarios ou preguntas sobre a Conta, deberase comunicar con Nós a través do Departamento de Atención ao Cliente, cuxos datos de contacto están dispoñibles na web www.IKEA.es.

2. A Conta.

A Conta, ademais do acceso ás vantaxes e ofertas específicas da Rede IKEA para Empresas, permite aos Clientes (segundo se define no presente documento) o acceso a unha plataforma

exclusiva de compras para os Clientes da Rede IKEA para Empresas (<https://ifb.ikea.com/es/es/home>) onde poden mercar produtos e servizos con fins empresariais e profesionais, así como acceder e utilizar unha serie de funcións e servizos destinados a eles, de acordo coas condicións que se recollen aquí. A Rede IKEA para Empresas deseñouse de xeito específico para as empresas pequenas e as microempresas, sen prexuízo de uso e gozo por parte doutras entidades ou profesionais.

Para vencellar as compras do Cliente á Conta, este debe identificarse durante o proceso de pagamento.

- No caso das compras en liña, isto faise ao introducir o número de tarxeta da Rede IKEA para Empresas no campo solicitado no momento do pagamento, tanto en IKEA.es como na plataforma exclusiva de venda a Clientes da Rede IKEA para Empresas (<https://ifb.ikea.com/es/es/home>)
- No caso das compras na tenda, ao escanear a tarxeta da Rede IKEA para Empresas na caixa.
- Para as compras feitas a través dunha canle de venda en remoto (venda telefónica ou venda en remoto), a identificación completárase proporcionando o número de tarxeta da Rede IKEA para Empresas ao colaborador/a de IKEA que estea a asistir, en cada momento, o proceso de compra.

É importante recordalo porque, lamentablemente, por motivos técnicos, non podemos realizar rexistros retroactivos das compras.

Cando o Cliente crea unha Conta na Rede IKEA para Empresas, debe fornecer información precisa, veraz, actual e completa, incluídos o nome e o enderezo de correo electrónico da entidade ou profesional, o nome e os apelidos do usuario que abre a Conta, o enderezo fiscal, e o número de identificación fiscal do Cliente. O Cliente comprométese a comunicar a IKEA calquera cambio posterior de dita información. Tamén pode engadir a súa tenda preferida, que IKEA utilizará para enviarlle información sobre eventos da tenda local e outra información relevante relacionada con ese establecemento.

No momento de rexistrar unha Conta, o Cliente confirma que a persoa que envía o rexistro dispón da autoridade e os poderes de representación para vinculalo e que o Cliente é apto para rexistrar unha Conta, polo cal se fai responsable de dita actuación. O Cliente tamén declara que ten todos os dereitos, o poder e a autoridade necesarios para aceptar e cumprir as súas obrigas en virtude destes Termos e condicións.

A Conta é intransferible e só o Cliente pode acceder a ela e utilizala de xeito directo e exclusivo para os seus propios fins empresariais. O Cliente acepta que a Conta non poida utilizarse de ningún modo para revender produtos ou servizos de IKEA a terceiros.

3. Administración da Conta.

O Cliente pode elixir ter varios usuarios conectados á súa Conta, incluídos varios con dereitos administrativos. A persoa que cree por primeira vez a Conta do Cliente converterase de xeito automático en administrador da mesma. O Cliente deberá ter sempre polo menos un usuario con dereitos administrativos. O administrador poderá (i) convidar a outros empregados do

Cliente a converterse en usuarios e administradores da Conta, (ii) eliminar usuarios individuais e (iii) ver o historial de compra completo do Cliente, incluído o nome das persoas que realizaron pedidos. Un usuario común só pode ver a súa propia actividade na Conta.

Cada usuario contará cun número único de socio/tarxeta da Rede IKEA para Empresas (a "**Tarxeta**") que se utilizará para identificar ao Cliente como membro da Rede IKEA para Empresas. A Tarxeta (o número de socio da Rede IKEA para Empresas) é intransferible; só pode utilizala a persoa cuxa firma figure na tarxeta. A Tarxeta non é unha tarxeta de débito, de crédito nin de crédito con garantía e, polo tanto, non se considera un medio de pagamento; non permite compensar saldos pendentes de ningunha clase ou causa, incluídos os derivados de compras financiadas; nin se pode trocar por efectivo o valor dos descontos.

O administrador é responsable de garantir que todos os usuarios da Conta sexan empregados do Cliente e que estean autorizados para actuar en nome deste. Calquera dano ou perda causado a IKEA polo incumprimento do Cliente da condición anterior será indemnizado a IKEA por parte do Cliente.

IKEA almacenará e procesará os datos persoais dos usuarios individuais da Conta. O Cliente confirma que informará as persoas en cuestión sobre o contido da declaración de privacidade:

ES: <https://www.ikea.com/es/es/customer-service/privacy-policy/>

EN: <https://www.ikea.com/es/en/customer-service/privacy-policy/>

EU: <https://www.ikea.com/es/eu/customer-service/privacy-policy/>

CA: <https://www.ikea.com/es/ca/customer-service/privacy-policy/>

GL: <https://www.ikea.com/es/gl/customer-service/privacy-policy/>

4. Uso aceptable.

O Cliente utilizará a Conta só con fins autorizados de carácter empresarial, profesional ou comercial, como facer compras (dende a plataforma exclusiva de compra en <https://ifb.ikea.com/es/es/home>), utilizar ferramentas de planificación ou comunicarse con IKEA. O Cliente non deberá facer un uso indebido (e responsabilizarse dos actos dos seus usuarios para garantir que estes tampouco o fagan), nin manipular as funcións e servizos aos que ten acceso a través da Conta (por exemplo, piratear, introducir virus, troianos, vermes, bombas lóxicas; levar a cabo ataques por denegación de servizo ou calquera outra práctica nin usar material daniño para a tecnoloxía); nin interferir doutro modo coas nosas tecnoloxías ou funcións.

O Cliente é responsable de todas as actividades que se realicen na Conta e garantirá que todos os usuarios manteñan a confidencialidade dos seus contrasinais individuais. Se o Cliente cre que unha persoa non autorizada obtivo acceso a un contrasinal ou a unha Conta, a Empresa debe comunicarse decontado co Departamento de Atención ao Cliente de IKEA, cuxa información de contacto está dispoñible en www.IKEA.es, e cambiar calquera contrasinal que estea en perigo. O

Cliente asegurará que os usuarios sempre pechen a sesión da Conta despois de finalizar cada sesión. IKEA non será responsable de ningunha perda nin dano causado polo incumprimento destes Termos e condicións por parte do Cliente.

O nome de usuario e o contrasinal do Cliente son información confidencial que o Cliente non debe divulgar, nin tampouco os seus administradores ou usuarios autorizados, para evitar o seu uso incorrecto ou fraudulento. O Cliente informará canto antes a IKEA se detecta que perdeu as súas claves ou que unha terceira persoa está a tratar de entrar ou de facer un uso incorrecto da Conta. IKEA non será responsable de ningún uso incorrecto ou fraudulento da Conta que non teña a súa orixe nunha negligencia grave cometida por parte de IKEA.

Será responsabilidade do Cliente comunicar a IKEA calquera modificación dos datos proporcionados e asociados á Conta, de xeito que se manteña debidamente actualizada.

A responsabilidade do uso e custodia da tarxeta corresponde exclusivamente ao Cliente dende o momento no que IKEA lla entregue. IKEA non se responsabiliza de ningunha continxencia relacionada coa tarxeta unha vez entregada, nin das vantaxes ou dereitos que puidesen facerse efectivos coa mesma de xeito indebido. IKEA non se responsabiliza do uso que fagan terceiros da tarxeta, ben a través do uso directo da mesma ou ben de forma indirecta.

5. Copyright, marcas comerciais e patentes.

Toda a titularidade, a propiedade, os dereitos e os dereitos de propiedade intelectual da Conta, ikea.com e a marca IKEA seguirán a ser de IKEA ou do seu franquizador, Inter IKEA Systems, B.V. Neste sentido, a marca e o logotipo de IKEA son propiedade de Inter IKEA Systems, B.V., polo que se prohibe expresamente a súa utilización, sexa cal for o fin pretendido.

O uso da Conta non outorga ao Cliente o dereito de utilizar ou reproducir ningún dos nosos materiais con copyright, marcas comerciais, marcas de servizo, patentes ou outros dereitos ou materiais de propiedade intelectual. O Cliente tamén confirma que non utilizará a súa relación con IKEA con fins de márketing ou financiamento, nin como referencia en ningunha presentación ou comunicado de prensa do Cliente. Tampouco utilizará (nin en Internet nin de calquera outro xeito para comunicarse co público) ningún nome comercial, marca comercial, marca de servizo, logotipo nin outra característica distintiva da marca de IKEA, o Grupo Ingka ou o Grupo Inter IKEA.

6. Rescisión e suspensión da Conta.

O Cliente pode cancelar a Conta en calquera momento se a elimina. No caso de rescindila, o Cliente xa non poderá beneficiarse dos servizos, vantaxes e dereitos da Conta; perderá automaticamente todos os dereitos e vantaxes inherentes á súa condición de Cliente.

IKEA poderá, á súa enteira discreción, rescindir ou suspender a Conta do Cliente mediante unha notificación aos administradores desta no caso de que se produza algunha das seguintes situacións: (a) se vemos ou temos razóns para crer que o Cliente utiliza a Conta en incumprimento ou contravención destes Termos e condicións; (b) se IKEA sospeita razoablemente que se produciron actividades fraudulentas ou con ánimo fraudulento; (c) calquera outro uso da Conta

que non sexa aceptable para IKEA; ou (d) se a Empresa estivo inactiva durante máis de trinta e seis (36) meses. Por inactividade, referímonos a que o Cliente non interactuase con IKEA, a través da Conta, durante dito período (por exemplo, iniciando sesión na Conta ou abrindo os nosos correos electrónicos).

Tamén nos reservamos o dereito, con ou sen aviso, de eliminar ou editar contido, de modificar, suspender ou interromper a dispoñibilidade de calquera función, dereito ou servizo, e de cobrar ou deter o cobro dunha tarifa por calquera servizo na Conta.

Despois da rescisión da subscrición, o Cliente non poderá beneficiarse das vantaxes e as ofertas da Rede IKEA para Empresas, polo que perderá todos os dereitos inherentes á súa condición de Cliente (nos termos aquí definidos), o que afectará de xeito inmediato a todos os usuarios rexistrados conectados á súa Conta.

As seccións 5, 6, 7, 8 e 9, pola súa propia natureza e contido, manteranse vixentes despois da rescisión ou o vencemento destes Termos e condicións.

É aconsellable que, sen prexuízo das comunicacións e publicacións que poida realizar IKEA a estes efectos, o Cliente revise os Termos e condicións con regularidade, por se foren modificados.

7. Indemnización.

O Cliente comprométese a defender, indemnizar e eximir a IKEA de toda responsabilidade, dano, perda e gasto de calquera tipo (incluídos os honorarios e custos legais razoables) en relación con calquera das seguintes situacións ou que derive destas (a "**Reclamación**"): (a) o acceso á Conta por parte do Cliente, incluída a información proporcionada en relación con este, especialmente a realizada de xeito ou con ánimo fraudulento; (b) o incumprimento ou presunto incumprimento destes Termos e condicións ou a lexislación aplicable por parte do Cliente; e (c) calquera declaración falsa realizada polo Cliente.

8. Limitación de responsabilidade.

Na medida permitida pola lexislación aplicable, IKEA non será responsable ante o Cliente por danos ou perdas de ningún tipo, incluídos, entre outros, os indirectos, os especiais ou os derivados que xurdan do uso ou a imposibilidade de usar a Conta, mesmo se fomos informados da posibilidade de ditos danos e perdas, ou calquera reclamación de terceiros. IKEA non garante que os produtos ou servizos adquiridos polo Cliente en IKEA sexan axeitados, apropiados ou legais para as operacións empresariais ou profesionais do Cliente.

9. Lexislación aplicable e conflitos.

Estes Termos e condicións rexeranse polas leis de España, sen ter en conta ningunha norma ou principio sobre conflitos de leis. Calquera conflito, reclamación ou controversia que xurda ou estea relacionada con estes Termos e condicións resolverase nos tribunais correspondentes, de acordo coa lexislación aplicable.

10. Vantaxes da Rede IKEA para Empresas.

As vantaxes e as ofertas poden cambiar co tempo; IKEA resérvase o dereito de engadir, modificar ou eliminar vantaxes, dereitos e servizos segundo o considere oportuno, incluídas as condicións para utilizar e acceder aos mesmos. Algunhas vantaxes, dereitos e servizos só se ofrecen ao Cliente nun momento determinado. Calquera tentativa de eludir este dereito considerárase un incumprimento dos Termos e condicións, o cal pode levar á rescisión dos mesmos.

A miña páxina na Rede IKEA para Empresas

Como membro da Rede, o Cliente obterá acceso á súa páxina na Rede IKEA para Empresas, na que poderá consultar toda a información sobre a subscripción, o historial de compras (sempre e cando se identificase como Cliente da Rede IKEA para Empresas no momento de facer a compra de conformidade co disposto nestes termos e condicións), as ofertas e vantaxes actuais, e moito máis.

Ofertas e descontos de produtos e servizos

A través da Rede, o Cliente terá acceso a unha gran variedade de descontos, ofertas e servizos. Por exemplo, poderíamos ofrecer descontos en consultas de deseño de interiores para axudar o Cliente a crear o espazo necesario para o seu negocio. Tamén poderíamos ofrecer descontos en servizos empresariais prestados polos nosos socios, os cales consideramos relevantes para os membros da Rede. Ademais, os membros da Rede recibirán descontos en determinados produtos e servizos. Non obstante, débese ter en conta que non todos os produtos que se ofrecen aos membros da Rede foron aprobados para o seu uso empresarial ou profesional. IKEA non se fai responsable se os produtos e servizos ofrecidos ou con desconto non son axeitados para o seu uso previsto segundo o negocio ou a actividade profesional do Cliente.

As ofertas, vantaxes, descontos e servizos varían co tempo e poden diferir dunha tenda a outra. O Cliente sempre poderá atopar información sobre as nosas ofertas, vantaxes, descontos e servizos actuais na súa páxina na Rede IKEA para Empresas.

Aprende con IKEA

Queremos apoiar o desenvolvemento dos membros da nosa Rede. Por este motivo, creamos "Aprende con IKEA" para proporcionar aos membros da Rede acceso a contido formativo a través de módulos de formación e boletíns sobre temas como o desenvolvemento das persoas, o desenvolvemento empresarial e a creación de espazos. Débese ter en conta que todo o contido de "Aprende con IKEA" foi creado exclusivamente para os membros da Rede e que o Cliente ten prohibido descargar, copiar, gravar, compartir, distribuír, allear, explotar de calquera xeito ou poñer á disposición de calquera persoa este contido, salvo que sexa un empregado do Cliente. Neste caso, o Cliente farase responsable do uso que faga o empregado do contido en cuestión.

Programa Beneficios para o teu equipo

Preocupámonos polas empresas e os profesionais, pero preocupámonos aínda máis polas persoas. Pos iso, queremos darlles aos membros da Rede a posibilidade de crear un mellor día a

día para os seus empregados. Estamos a colaborar co noso socio VIP DISTRICT S.L. ("**VIP DISTRICT**") para ofrecer descontos e ofertas aos membros da nosa Rede no programa de VIP DISTRICT (chámase "**Beneficios para o teu equipo**"). Os Clientes poden atopar información sobre "Beneficios para o teu equipo" na súa páxina da Rede IKEA para Empresas. Estará dispoñible a través dunha ligazón ao sitio web de VIP DISTRICT. VIP DISTRICT ofrece "Beneficios para o teu equipo" directamente aos empregados do Cliente, e o programa está suxeito aos Termos e condicións específicos de VIP DISTRICT. IKEA non asume ningunha responsabilidade en relación co programa "Beneficios para o teu equipo", a súa contratación, uso e gozo, resolución, etc. Débese ter en conta que o programa "Beneficios para o teu equipo" negociouse de xeito exclusivo para os membros da Rede e que o Cliente ten prohibido poñelo á disposición de calquera persoa que non sexa empregada súa.

Plataforma exclusiva de compras para os Clientes da Rede IKEA para Empresas.

Os Clientes que teñan unha Conta na Rede IKEA para Empresas poderán acceder á plataforma exclusiva de compras (<https://ifb.ikea.com/es/es/home>) para mercar produtos IKEA e, no seu caso, contratar servizos. Utilizar a plataforma de compras "BOX" implica a aceptación plena e sen condicións por parte do Cliente dos termos e condicións que regulan a mesma e dos que se informa na propia plataforma, á que se pode acceder mediante a propia Conta do Cliente, ou na ligazón <https://ifb.ikea.com/es/es/home>